

Universidade de Harvard baixo a dirección de Chaya Czernowin e coa orientación particular de Steven Takasugi.

Recibiu importantes premios en Bélxica e no estranxeiro, como o Kranichsteiner Musikpreis 2010 de composición (Darmstadt), o Staubach Honorarium (Darmstadt, 2009), o Premio Internacional de Composición Impuls (Graz, 2009), o segundo premio Week of the Contemporary Music (Gante, 2006) e o KBC Aquarius Composition Award para novos compositores (Bruxelas, 2001). Ademais, varias das súas composicións foron seleccionadas pola asociación ISCM-Flanders para participar nos World Music Days. En 2012, a crítica musical belga elixiuno Músico Novo Belga do Ano.

As súas composicións foron interpretadas en Europa, Estados Unidos, Rusia, América do Sur e Oriente Medio polo Klangforum Wien, Nadar Ensemble, Champ d'Acción, Ictus Ensemble, Ensemble Nickel, Ensemble Mosaik, Ensemble Recherche, Ensemble Dal Niente, Vertixe Sonora Ensemble, Defunensemble, Zwerm Electric Guitar Quartet, Agartha, o cuarteto de cordas Ensor, o colectivo reFLEXible, a Orquestra de Cámara Belga, Jean-Guihen Queyras, Frederik Croene, Matthias Koole, Tom Pauwels, Mark Knoop, Stéphane Ginsburgh, Sebastian Berweck; e en festivais como Donaueschinger Musiktage, Darmstadt Ferienkurse, Festival Música de Estrasburgo, Ars Musica, Novembermusic, Transit Festival, Time Canvas, Musica Electronica Nova, Luzernes Festival, Tzllil Meudcan Festival, Impuls Festival, Huddersfield Contemporary Music Festival ou no Festival Música Viva (Múnic).

Ademais das súas colaboracións regulares co *ensemble* flamengo de música contemporánea Champ d'Acción, Stefan Prins está intimamente implicado co novo *ensemble* belga de música contemporánea Nadar Ensemble, como compositor, especialista en electrónica en vivo, e como membro da dirección artística. É membro fundador, xunto con Thomas Olbrechts e Joachim Deville, do colectivo reFLEXible, conxunto dedicado exclusivamente á improvisación libre e á composición inmediata

www.stefanprins.be

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Roberto Alonso *gamecontroller* / Pablo Coello *saxofón, gamecontroller* / Thomas Piel *violonchelo* / Diego Ventoso *percusión* / Ángel Faraldo *electrónica e difusión de son e video*

www.vertixesonora.net

CGAC

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Ramón del Valle Inclán s/n
15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 623
cgac.actividades@xunta.es
www.cgac.org

XUNTA
DE GALICIA

vertixe sonora
ensemble

Instituto Galego de Simboloxía

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

MÚSICA E ARTE. CORRESPONDENCIAS SONORAS

CICLO DE CONCERTOS

Centro Galego de Arte Contemporánea
Domingo, 18 de maio de 2014, ás 13:00 h

VÍNCULOS

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Germán Alonso *Ecce Saturnus** (2013)

anti-Cronia para saxofón barítono e electrónica en vivo

Stefan Prins *Generation Kill Offspring 1** (2012)

percusión, violonchelo, 2 *gamecontrollers*, electrónica en vivo, vídeo en vivo

Música e arte. Correspondencias sonoras súmase á celebración do Día Internacional dos Museos cunha conmemoración particular: a do seu quinto aniversario, convertido o ciclo nun referente da creación musical internacional coa participación de compositores de numerosos países de Europa (Alemaña, Austria, Francia, Grecia, Holanda, Italia, Portugal, Reino Unido, Rusia, Serbia, Suecia, Suíza), América (Arxentina, Brasil, Canadá, Chile, Costa Rica, Estados Unidos, México) ou Oriente Próximo e Asia (Irán, Israel, Turquía).

Referencias clásicas da pintura, ao lado de confrontacións entre realidade e virtualidade, sociedade e tecnoloxía estarán presentes en *Vínculos*, o primeiro dos concertos deste ano, convertido nunha celebración-homenaxe a esta frutífera relación entre música e arte coa presentación en España das obras de dous compositores intimamente ligados ao labor desenvolvido por Vertixe Sonora e o CGAC, Germán Alonso (Madrid, España, 1984) e Stefan Prins (Kortrijk, Bélxica, 1979).

AS OBRAS

ECCE SATURNUS

Ecce Saturnus é a segunda peza que escribo para saxofón barítono e electrónica inspirándome nalgúns elementos das *pinturas negras* de Francisco de Goya. Por unha banda, o título desta obra refírese ao cadro *Saturno devorando a un hijo*, alegoría grecorromana do inexorable paso do tempo.

En *Ecce Saturnus* as estratexias de composición están precisamente concibidas para conxelar o fluxo temporal (de aí o subtítulo "anti-Cronia"), grazas á ausencia dunha direccionalidade evidente e ao uso

* Presentación en España

da recursividade do material musical. Este organízase seguindo as *cadeas de Markov*, que determinan a combinación dos elementos constituíntes. Deste xeito, aseguran a homoxeneidade do discurso e establecen unha sintaxe determinada polas transicións dos ditos elementos. Este sistema, configurado de xeito oportuno, pode desembocar en bucles que colaboran asemade á ruptura do mencionado fluxo temporal. Por outra banda, o ciclo de Goya contribúe á miña obra coa idea da monstruosidade, que o pintor aragonés plasma en forma de hibridación dos corpos até o punto de imposibilitar a diferenciación do sexo das figuras, ou en forma de conversión dos mitos e situacións cotiás en escenas macabras ou absurdas.

A miña tradución musical desta idea maniféstase no uso de técnicas instrumentais que dan lugar a sons complexos; dalgún xeito, estes pertencen ao mundo da *acusmasis*, xa que a fonte sonora sería dificilmente recoñecible de non se atopar no escenario o instrumento. Este efecto apóiase no uso de varios tipos de distorsión que transforman o son do saxofón até o límite.

A obra foi estreada en abril de 2013 no marco do *Cursus* de Informática Musical do IRCAM-Centre Pompidou de París”.

Germán Alonso

Generation Kill Offspring 1

“Durante o 2011, mentres traballaba nas obras *Piano Hero #1 e #2*, daba comezo a revolución árabe en Oriente Medio. Manifestantes deses países mostraron os seus testemuños facendo vídeos cos seus teléfonos intelixentes ou cámaras *web* e subíndoos a internet. Co uso das redes sociais (Facebook e Twitter) o proceso acelerouse e, antes de que alguén se decatase, os pobos de Tunisia e de Exipto derrubaran os seus respectivos réximes ditatoriais ao tempo que senllas guerras civís comezaran a dividir Libia e a paralizar Siria. No mesmo ano, unha investigación a grande escala calculou que había unha cámara de vixilancia CCTV por cada 32 persoas no Reino Unido.

Outubro de 2011: os norteamericanos comezan a retirar as súas tropas de Iraq, mentres continúan a loitar contra os talibáns e Al Qaeda en Afganistán. Máis e máis imaxes son realizadas con éxito (polo menos segundo os boletíns oficiais) por bombardeiros chamados *drones*, vehículos aéreos non tripulados controlados remotamente por persoal militar en centros de control secretos en Estados Unidos. Paralelamente a estas imaxes, en internet comeza a xurdir un fluxo crecente de testemuñas oculares que falan de mortes de persoas inocentes nestes bombardeos.

Nesas datas, navegando por internet, atopei en Youtube un vídeo de hai sete anos para a serie de televisión *Generation Kill*, baseada no libro homónimo no que Evan Wright narra as súas experiencias como reporteiro co Primeiro Batallón de Recoñecemento dos Marines de Estados Unidos durante a invasión de Iraq en 2003. Unha das declaracións que máis me chocaron foi a dun dos soldados: ‘É o ataque final; vas á loita cunha boa canción de fondo’. Evan Wright engade: ‘Esta é unha guerra librada pola primeira xeración de Playstation. Unha cousa certa sobre eles é que matan moi ben en Iraq’.

Naquel momento, decidín que a miña seguinte peza tiña que reflectir musicalmente todos estes feitos relacionados: unha sociedade cada vez máis monitorizada; a crecente importancia de internet e das redes sociais, nutridas por vídeos de cámaras *web* e teléfonos intelixentes; os videoxogos e as guerras libradas como videoxogos sobre a cada vez máis fina liña entre o real e o virtual...

Generation Kill Offspring 1 está baseada na obra *Generation Kill*, presentada en España por Vertixe Sonora Ensemble durante as II Xornadas de Música Contemporánea de Santiago de Compostela en 2013”.

Stefan Prins

OS COMPOSITORES

GERMÁN ALONSO. Madrid, España, 1984

Estuda guitarra e composición e especialízase en composición electroacústica no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid coas máis altas cualificacións. Continúa os estudos de composición no Conservatorio de Estrasburgo con Mark André e de novas tecnoloxías no IRCAM con Mauro Lanza. Obtén o título de Máster en Musicoloxía na Universidade de París 8. Entre 2013 e 2015 é estudante na HEM en Xenebra con M. Jarrell, Luis Naon e Eric Daubresse. Asistiu a clases maxistras e cursos cos compositores Alberto Posadas, Hèctor Parra, José María Sánchez-Verdú, Aureliano Cattaneo, Brian Ferneyhough e Yan Maresz, entre outros.

Foi seleccionado polos encontros de novas músicas Le Domaine Forget (Quebec), Voix Nouvelles da Royaumont Foundation (París), International Composer Pyramid (Canterbury), Encontro de Música Contemporánea INJUVE, a Cátedra Manuel de Falla (Cádiz) ou o European Musical Creation Workshop (Madrid), entre outros.

A súa música foi interpretada en Europa e América por Le Nouvel Ensemble Moderne, Xasax, Asko-Schönberg, Grup Instrumental de València, Sigma Project, Patrick Stadler, Carl-Emmanuel Fisbach, Ums’n Jip, Interensemble, Zahir Ensemble, Taller Sonoro, s’ensemble ou SecuenciaSUR.

Gañou os concursos de composición 9th Composition Competition Città di Udine, o II Seminario Permanente de Composición de Valencia e o II Concurso de Composición Carmelo Bernaola, e foi finalista no Gaudeamus Prize 2013. Foi bolseiro da Confederación Suíza, a Fundació “la Caixa”, o Ministerio de Educación e a Asociación de Amigos de Royaumont.

<http://www.german-alonso.com>

STEFAN PRINS. Kortrijk, Bélxica, 1979

Despois de se licenciar como enxeñeiro, comezou a estudar piano e composición no Royal Flemish Conservatory (Anveres) onde obtivo o título de Máster *magna cum laude* en Composición con Luc Van Hove. Ao mesmo tempo, estudou Tecnoloxía en Música da Real Conservatorio de Bruxelas con Peter Swinnen e Sonoloxía no Real Conservatorio da Haia (2004-2005). Estudou ademais Filosofía da Cultura e Filosofía da Tecnoloxía na Universidade de Anveres, onde asistiu a clases maxistras de Chaya Czernowin, Steven Tagasaki, Richard Barrett, Enno Poppe e Georges Aperghis, e participou en talleres de electrónica en tempo real con Gerhard Eckel no IEM de Graz e con Orm Finnendahl na Escola Superior de Música de Friburgo. Desde setembro de 2011 Stefan vive entre Europa e Cambridge, en Estados Unidos, onde comezou os seus estudos de doutoramento en composición na